

**Anexo 1. Comentarios enquisa do Centro de
Investigacións Sociolóxicas (CIS), barómetro 2778**

Contido

Introdución	404
Ficha técnica:	407
Características da mostra:	408
Análise de resultados	418
P.7. En que medida se considera unha persoa interesada pola infancia?	418
P.8. A qué idade debería empezar a Educación obrigatoria?	418
P.9. A qué idade empeza a Educación obrigatoria?	419
P.10. Con cal das dúas frases está máis de acordo?	419
Detéñome só un momento, mostrando un exemplo de cómo a relación entre as variables non é tal se axustamos correctamente as ferramentas de análise.	423
Análise loglineal entre a variábel P.10. preferencias para ir a un centro de educación infantil P.29. É vostede home ou muller? e P.34. Situación laboral actual.	423
P.11. A qué deberían as administracións públicas dar prioridade?	425
P.12. A sociedade qué atención lle presta os nenos/as menores de 3 anos?	426
P.13. As Administracións públicas qué atención lle presta aos nenos/as menores de 3 anos?	427
P.14. As Administracións públicas préstalle menos ou igual atención que fai 10 anos aos nenos/as menores de 3 anos?	427
P.15. As Administracións públicas 1 préstalle menos ou igual atención aos nenos/as menores de 3 anos que aos de 3 a 6 anos?	427
P.16. Considera necesario que os nenos/as de 3 a 6 anos asistan a unha escola infantil ou gardería?	427
P16a. As razóns porque considera que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as de 3 a 6 son?	428
P.17. Considera necesario que os nenos/as de 1 e 2 anos asistan a unha escola infantil ou gardería?	429
P.17a. As razóns porque considera que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as de 1 e 2 son?	430

P.18. Considera necesario que os nenos/as menores de 1 ano asistan a unha escola infantil ou gardería?.....	430
P.18a. As razóns porque considera que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as menores de 1 ano son?	433
P.19a. Os nenos antes dos 3 anos aprenden mellor a saber expresar a súas necesidades básicas e de saúde e benestar (pedir, facer pis e caca, pedir as cousas sen chorar..)	435
P.19b.Os nenos/as antes dos 3 anos aprenden mellor a resolver por si mesmos algunhas necesidades de alimentación e hixiene (comer eles sos lavarse as mans)	435
P19c. Os nenos/as menores de 3 anos aprenden mellor a controlar o seu corpo, manter o equilibrio, non caerse, erguerse.....	436
P19d. Os nenos/as menores de 3 anos aprenden mellor a relacionarse e comunicarse cos demais.....	436
P.19e. Os nenos/as menores de 3 anos aprenden mellor a observar e explorar o seu entorno (ser curioso, preguntar..).....	436
P.19f. Os nenos/as menores de 3 anos aprenden mellor as rutinas e normas (horarios, ser obediente...).....	437
Canto de importante consideran os cidadáns algunhas cuestións nas escolas infantís ou garderías?	438
P.20a. Canto é de importante que o persoal teña un título oficial nunha gardería ou escola infantil de nenos/as menores de 3 anos?	438
P.20b. Canto é de importante que os locais sexan amplos e de boas condicións nunha gardería ou escola infantil de nenos/as menores de 3 anos?	439
P.20c. Canto é de importante que haxa poucos nenos por aula nunha gardería ou escola de educación infantil de nenos/as menores de 3 anos?	439
P20d. Canto é de importante que haxa un programa educativo específico nunha gardería ou escola infantil de menores de 3 anos?	440
P20e. Canto é de importante que o persoal sexa cariñoso e afectuoso nunha gardería ou escola infantil de neons/as menores de 3 anos?	440
P20f.Canto é de importante que ofrezca flexibilidade de horario unha gardería ou escola infantil de nenos/as menores de 3 anos?	441
P20g.Canto é de importante que se lles dea unha alimentación correcta e equilibrada a un neno/a menor de 3 anos nunha gardería ou escola infantil?	441
P20h. Canto é de importante que se lles ofrezca ensinanza de idiomas nunha gardería ou escola infantil de nenos/as menores de tres anos?	442

P20i. Canto é de importante que teña servizo de transporte unha gardería ou escola infantil de nenos/as menores de tres anos?.....	442
P.21. Para vostede, a hora de escoller un centro, cal sería o máis importante?.....	443
P21. Para vostede, a hora de escoller un centro que sería o segundo en importancia?.....	444
P.22. Qué tipo de centro cree que proporciona mellor educación infantil, un centro público ou un centro privado?	445
P.23. Cal é o principal problema das escolas infantís ou garderías para menores de 3 anos?.....	446
P.23a. Cal é o segundo problema das escolas infantís ou garderías para menores de 3 anos?.....	446
P.24. Das medidas da Administración Pública cal lle parece prioritaria para proporcionar atención educativa os nenos/as menores de 3 anos?	447

Índice de táboas

Táboa 1. Nivel de estudos da mostra.....	409
Táboa 2. Situación laboral da mostra.....	410
Táboa 3. Situación laboral mostra <31 anos.	411
Táboa 4. Situación laboral mostra de 31 a 40 anos.	413
Táboa 5. Situación laboral mostra de 41 a 50 anos	416
Táboa 6. Interese pola infancia.	418
Táboa 7.A que idade debería empezar a educación obrigatoria.	418
Táboa 8. A que idade empeza a educación obrigatoria.....	419
Táboa 9. Con cal das dúas frases está máis de acordo?.....	419
Táboa 10. Táboa de continxencia entre as variables: Con cal das dúas frases está máis de acordo? * É vostede home, muller?	422
Táboa 11. Táboa de continxencia entre as variábeis “ Con cal das dúas frases está máis de acordo?” e “* É vostede home, muller?” seleccionando só aos entrevistados que estaban traballando	422
Gráfica 1. Representación do análise log-lineal para as variables: P. 34 situación laboral;P.29 e vostede home ou muller? P.10 preferencia por quedar na casa ou levar os nenos a gardería.....	423
Táboa 12. Resume dos pasos do análises log-lineal	424
Táboa 13. A que deberían as Administracións dar prioridade.	425
Táboa 14. Atención aos nenos menores de 3 anos. A sociedade.....	426
Táboa 15. Atención aos nenos menores de 3 anos. As administracións públicas.....	427
Táboa 16.Menor o igual atención que fai 10 anos.....	427
Táboa 17.Menor o igual atención aos menore de 3 anos que aos de 3-6 anos..	427
Táboa 18. Asistencia a unha escola infantil ou gardería. Nenos de 3 a 6 anos	428
Táboa 19. Razóns para asistir a un centro. Nenos de 3 a 6 anos	428
Táboa 20. Asistencia a unha escola infantil ou gardería. Nenos de 1 e 2 anos	429
Táboa 21. Razóns para asistir a un centro. Nenos de 1 e 2 anos.....	430
Táboa 22. Asistencia a unha escola infantil ou gardería. Nenos menores de un ano.	430
Táboa 23. Asistencia a unha escola infantil ou gardería. Nenos menores de un ano.Só entrevistados que teñen fillos.....	432

Táboa 24. Asistencia a unha escola infantil ou gardería. Nenos menores de un ano.Só entrevistados que teñen fillos menores de 3 anos.....	432
Táboa 25. Razóns para asistir a un centro. Nenos menores de 1 ano.....	433
Táboa 26. Onde aprende mellor os nenos?. A expresar as súas necesidades básicas.....	435
Táboa 27. Onde aprende mellor os nenos?. A resolver algunhas necesidades.....	435
Táboa 28. Onde aprende mellor os nenos?. A controlar o seu corpo.	436
Táboa 29. Onde aprende mellor os nenos?.A comunicarse cos demais.....	436
Táboa 30. Onde aprende mellor os nenos?.A observar e explorar o seu entorno.....	436
Táboa 31. Onde aprende mellor os nenos?.As rutinas e as normas.....	437
Táboa 32. Canto é de importante nun centro? Que o persoal teña título oficial.....	438
Táboa 33. Canto é de importante nun centro? Que os locais sexan amplos.....	439
Táboa 34. Canto é de importante nun centro? Que haxa poucos nenos por aula.....	439
Táboa 35. Canto é de importante nun centro? Que haxa un programa educativo.....	440
Táboa 36. Canto é de importante nun centro? Que o persoal sexa cariñoso.....	440
Táboa 37. Canto é de importante nun centro? Que ofrezca flexibilidade horaria.	441
Táboa 38. Canto é de importante nun centro? Que ofrezca unha alimentación correcta.	441
Táboa 39. Canto é de importante nun centro? Que ofrezca ensino de idiomas.....	442
Táboa 40. Canto é de importante nun centro? Que teña servizo de transporte.....	442
Táboa 41. O máis importante a hora de escoller un centro	443
Táboa 42. O segundo en importancia a hora de escoller un centro	444
Táboa 43. Mellor un centro público ou un privado	445
Táboa 44. O principal problema dos centros de primeira infancia.....	446
Táboa 45. O segundo problema en importancia dos centros de primeira infancia	446
Táboa 46. Medidas prioritarias das Administracións públicas	447

Introdución

O Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS) no seu barómetro de febreiro do 2009 incluíu unha serie de cuestións a cerca da primeira infancia. O barómetro son as enquisas que o CIS realiza cunha periodicidade mensual (excepto en agosto) para medir o estado da opinión pública en relación coa situación política e económica do país e a súa perspectiva de evolución.

Algunhas das preguntas do barómetro son fixas o que da lugar ás correspondentes series temporais e outras atenden a un tema de interese xeral, o feito de que ese tema sexa a primeira infancia, e máis concretamente os centros do primeiro ciclo é toda unha novidade¹, xa que non son moitos os traballos que teñan como tema a infancia ata os tres anos.

Aproveitando a oportunidade que nos brinda o CIS, ao gobernos dunha boa mostra representativa do estado español, intentarei indagar cales son as opinións que os cidadáns teñen sobre a atención e o coidado dos nenos menores de 3 anos e se estas opinións están de algún xeito influídas por características particulares do que responde, especialmente no referente a grupo de idade, xénero, situación laboral, estado civil...

Emprego para elo o programa SPSS 15 que me permitirá realizar os análises estatísticos despois de cargar a matriz dos resultados no mesmo.

Realizo análise descritivo de todas as variables referentes a cuestións sobre a infancia. Fago táboas de continxencia con cantas variables considero oportuno, filtro as mesmas por rango de idades, sexo, situación laboral, e outras variables que considero interesante.

¹ Poucos foron os estudos anteriores, nun deles (CIS-2621 (13/10/2005)) "*Actitudes y opiniones sobre la infancia*" atopamos resultados cando menos sorprendentes, por exemplo, un 25,1% dos entrevistados consideraba que a infancia empezaba despois dos dous anos.

Fago tamén análise log-lineal para comprobar cales son en realidade os factores que inflúen nos resultados das respostas.

O análise pormenorizado de todas as variables foi útil para o coñecemento detallado das opinións dos cidadáns, pero entendo, que debo limitarme a reproducir os resultados das respostas e análise descritivo, que empreguei na miña investigación. Polo que comento os resultados máis significativos das táboas de continxencia e os cruces realizados coas variables de referencia. Así como unha pequena mostra do modelo log-lineal e como modifica a percepción dos resultados iniciais.

Ficha técnica:

Ámbito:

Nacional

Universo:

Poboación española de ambos sexos de 18 anos e máis.

Tamaño da mostra:

2490 entrevistas

Afixación:

Proporcional

Puntos de mostraxe:

238 municipios e 47 provincias

Procedemento de mostraxe:

Polietápico, estratificado por conglomerados, con selección das unidades primarias (municipios) e das unidades secundarias (seccións) de xeito aleatorio proporcional, e das unidades últimas (individuos) por rutas aleatorias e cotas de sexo e idade.

Os estratos formáronse co cruce das 17 comunidades autónomas co tamaño do hábitat, dividido en 7 categorías: ≤ 2.000 habitantes; de 2.001 a 10.000; de 10.001 a 50.000; de 50.001 a

100.000; de 100.001 a 400.000; de 400.001 a 1.000.000; e >1.000.000 de habitantes.

Os cuestionarios aplicáronse mediante entrevista persoal nos domicilios

Erro de móstralle:

Para un nivel de confianza do 95,5%; e $P=Q$, o erro real é de $\pm 2,0\%$ para o conxunto da mostra e no suposto de mostraxe aleatorio simple.

Data de realización:

Do 4 o 10 de febreiro de 2009

Características da mostra:

En moitas ocasións referirse a mostra como representativa dunha poboación ou universo dado parece suficiente para dotar ao estudo de credibilidade e lexitimidade, pero pode suceder que nas características intrínsecas do universo estean moitas das explicacións ás preferencias e comportamentos dos entrevistados ás respostas dadas.

Neste caso a poboación obxecto de estudo é, coma en todos os barómetros do CIS, a poboación española. Unha ollada das características da mostra representativa do universo de estudo permite analizar as respostas dende unha óptica diferente, no é estraño que cando traballamos con universos “coñecidos” e próximos, todos nos fagamos unha composición “persoal” e polo tanto nesgada do mesmo.

As posibilidades que me brinda o CIS cunha mostra tan abondosa e con tantos datos sobre a mesma permíteme escudriñar as características da mesma en variables impensables noutro tipo de estudos. Polo tanto detéñome un pouco nela.

A mostra deste barómetro está composta por un total de 2490 individuos, 1224 homes 49,2% e 1266 mulleres 50,8%, cunha media de idade de 46,9 anos con desviación típica de 17,8.

1695 entrevistados (o 68,1% da mostra) teñen en total 3786 fillos. 795 individuos da mostra (o 31,9%) non teñen fillos. Corresponden 1,52 fillos por unidade muestral.

Un 73,3% das mulleres teñen fillos, en comparación cos homes, que son o 62,7% os que teñen fillos. Tamén son as mulleres as que máis fillos teñen, 2174 o 57,4% do total dos fillos fronte os 1612 o 42,6% dos homes.

O nivel de estudos máis alto dos entrevistados no momento de realizar a entrevista é de:

Cales son estudos de máis alto nivel?

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe homes	Porcentaxe mulleres
Sen estudos	143	5,7	5,0	6,5
Menos de 5 anos de escolarización	76	3,1	2,2	3,9
Primaria Loxse, 5 anos de EXB	548	22,0	19,5	24,4
ESO, EXB, Graduado	568	22,8	25,2	20,5
F.P.(grao medio)	163	6,5	6,6	6,5
Bacharelato laboral elemental	163	6,5	6,6	6,5
Bacharelato Loxse, BUP, COU...	306	12,3	12,4	12,2
F.P.(superior); Bacharelato laboral superior; mestría industrial	219	8,8	10,5	7,1
Arquitectura técnica, Enxeñería técnica, apareladores, Peritos	34	1,4	2,1	,6
Diplomatura e terceiro curso de calquera licenciatura	180	7,2	5,4	9,0
Arquitectura, Enxeñería	24	1,0	1,6	,4
Licenciatura	210	8,4	8,7	8,2
Estudios de postgrao	18	,7	,8	,6
N.C.	1	,0	,0	,1
Total	2490	100,	100,	100,

Táboa 1. Nivel de estudos da mostra.

Na mostra non se aprecian diferenzas significativas nos estudos entre homes e mulleres; é a situación laboral a que presenta maiores diferenzas entre os xéneros, e, como veremos o analizar de xeito pormenorizado as respostas sobre a infancia, posiblemente a responsable de moitas das diferenzas entre os entrevistados.

A situación laboral no momento da entrevista era:

Situación laboral actualmente?

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe homes	Porcentaxe mulleres
Traballa	1119	44,9	54,2	36,0
Xubilado/a ou pensionista (anteriormente traballou)	470	18,9	24,2	13,7
Pensionista (anteriormente non traballou)	83	3,3	,4	6,2
Parado/a , traballou antes	397	15,9	15,4	16,4
Parado/a, busca o primeiro emprego	11	,4	,3	,6
Estudante	116	4,7	4,9	4,4
Traballo doméstico non remunerado	284	11,4	,2	22,2
Outra	5	,2	,2	,2
N.C.	5	,2	,1	,3
Total	2490	100,0	100,	100,

Táboa 2. Situación laboral da mostra.

Persoalmente resúltame sorprendentemente baixa a porcentaxe de parados en busca de primeiro emprego, (0,4%) incluso cando observamos estes datos de xeito desagregado por idades, para elo xerei unha nova variábel agrupando a variábel P30ANOS en 6 rangos: <31 anos; de 31 a 40 anos; de 41 a 50 anos; de 51 a 60 anos; de 61 a 70 anos; e >70 anos.

Tamén é moi interesante observar a composición da forza de traballo nos diferentes rangos de idade, e comprobar como as

mulleres abandonan o grupo de traballo remunerada para engrosar a categoría de traballo doméstico non remunerado segundo aumentan os rangos de idade.

A porcentaxe do total de mulleres que está nun traballo remunerado é do 36,0%, pero se só nos fixamos na composición de xénero dos 1119 entrevistados que responden que teñen un traballo remunerado no momento da entrevista, o 59,2% deses entrevistados son homes e o resto mulleres 40,8%.

Observemos máis detidamente a composición da forza de traballo nos rangos de idade construídos para tal fin:

Menores de 31 anos:

Situación laboral actualmente?

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe Homes	Porcentaxe Mulleres
Traballa	249	48,7	51,5	45,6
Xubilado/a ou pensionista (anteriormente traballou)	3	,6	1,1	,0
Pensionista (anteriormente non traballou)	2	,4	,7	,0
Parado/a , traballou antes	116	22,7	22,6	22,8
Parado/a, busca o primeiro emprego	9	1,8	1,5	2,1
Estudante	116	22,7	22,2	23,2
Traballo doméstico non remunerado	15	2,9	,0	6,2
Outra	1	,2	,4	,0
Total	511	100,0	100,	100,

Táboa 3. Situación laboral mostra <31 anos.

Aparentemente esta cohorte de idade non presenta excesivas diferenzas entre os xéneros pero xorden indicadores que fan presaxiar os diferentes camiños que ao longo da vida van percorrer. Os 6 puntos porcentuais de diferenza entre homes e mulleres, no que se refire a traballo remunerado, é un dato ben visible, estes 6 puntos parécense

equilibrar na porcentaxe de mulleres que van a categoría de “*Traballo doméstico non remunerado*”.

As mulleres presentan porcentaxes máis elevados en todas as categorías non remuneradas, “*Parada, traballou antes*”; “*Parada, demandante primeiro emprego*”; “*Estudante*” . Os datos da enquisa permítenos observar un dato máis revelador, do 45,6% de mulleres que están traballando con menos de 31 anos o 12,7% ten fillos, cun total de fillos de 16, mentres que do 54,4% de mulleres que están noutra situación laboral o 22,9% teñen fillos cun total de 46. Visto doutro xeito, o 25,8% dos fillos que teñen todas as mulleres antes dos 31 anos son de mulleres que están no momento da entrevista traballando de xeito remunerado e o 74,2% dos fillos das mulleres menores de 31 anos da mostra son de mulleres que no momento da entrevista están noutra situación que non sexa o *traballo remunerado*.

A tendencia contraria comeza a apreciarse nos homes. e así. no 51,5% dos homes menores de 31 anos que teñen un traballo remunerado o 21,6% teñen fillos, cun total de 36 fillos, e do 49,5% dos homes que non teñen traballo remunerado o 16,8% teñen fillos, e suman un total de 30.

Ao contrario que as mulleres, os homes que traballan non se ven “penalizados”por ter fillos , teñen máis fillos os que traballan que os que non o fan. Posiblemente teña que ver outro dato que nos aporta a variábel P33MAISCARTOS que se refire a: *quen é a persoa que aporta máis ingresos ao fogar?* De todas as mulleres que están traballando menores de 31 anos o 28,6% contesta que é ela a que aporta máis cartos, sería ou se consideraría a sustentadora principal, un 21,4% contesta que *a persoa entrevistada e outra case que a partes iguais*, e un 50% contesta outra persoa, claramente estase considerando sustentadora secundaria. Os homes que están na mesma situación, é dicir: < de 31 anos, cun traballo remunerado e con fillos, considéranse nun 80,0% sustentadores principais en un 10% sustentadores secundarios; no outro 10% escollen a opción *a*

persoa entrevistada e outra case que a partes iguais que . Incluso cando están sen traballo e teñen fillos contestan nun 59,1% do mesmo xeito a *persoa entrevistada é a que aporta máis cartos*, resposta que se da nun 10% nas mulleres con fillos e sen traballo mentres que responden *Outra persoa* nun 86,7% fronte o 36,4% dos homes.

Vexamos o que sucede cos entrevistados de 31 a 40 anos

Situación laboral actualmente?

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe Homes	Porcentaxe Mulleres
Traballa	379	68,3	79,9	57,9
Xubilado/a ou pensionista (anteriormente traballou)	11	2,0	1,7	2,3
Pensionista (anteriormente non traballou)	1	,2	,3	,0
Parado/a , traballou antes	125	22,5	20,1	25,9
Parado/a, busca o primeiro emprego	1	,2	,0	,4
Traballo doméstico non remunerado	36	6,5	,0	13,5
Outra	2	,4		,8
Total	555	100,0	100,0	100,0

Táboa 4. Situación laboral mostra de 31 a 40 anos.

Nesta cohorte de idade o acceso ao mercado laboral remunerado marca xa un claro nesgo en “favor” dos homes, desaparece a categoría “*Estudiante*” e pasan no caso dos homes a engrosar o número dos que traballan, aumentando 29,4 puntos porcentuais en comparación coa cohorte de < de 31 anos, diminuindo para estas idades en 2 puntos e medio porcentuais as porcentaxe de parados no caso dos homes.

No caso das mulleres, o paro aumenta en 3,1 puntos porcentuais e o traballo remunerado en 12,3 puntos en comparación sempre coas menores de trinta e un anos. Claro que as mulleres que se dedican agora o *Traballo doméstico non remunerado* son 7,3 puntos porcentuais máis que no grupo anterior(non esquecer que a cohorte

de 31 a 40 anos é máis numerosa que a <31 polo que as comparacións aínda que porcentuais deben tomarse con cautela).

As tendencias de emprego atendendo ás idades parecen estar claras pero, continuará a penalización de ter fillos sobre a muller con traballo remunerado?

Das 266 mulleres, o 47,9% do total, que conforman este grupo de idade, 202 teñen fillos o 76% e 64 non os teñen o 24%. Fixémonos primeiro nas que teñen fillos, as 202 mulleres ou o 76% do total das mulleres entre 31 e 40 anos da mostra. O 52% traballan e teñen en total 172 fillos, o 48% que non teñen traballo remunerado teñen en total 179 fillos, polo que o 49% dos fillos das mulleres entre 31 e 40 anos son dunha nai que ten un traballo remunerado, un porcentaxe diferente o 25,8% que presentaba o grupo de mulleres menores de 31 anos. Pero observemos agora ese 24% de mulleres que non teñen fillos nestas idades, 31 a 40 anos, delas un 76,3% teñen *traballo remunerado* e un 3,1% teñen un *traballo doméstico non remunerado* no momento da entrevista, porcentaxes moi similares aos dos homes en xeral.

Podo explicalo doutro xeito, das 154 mulleres (57,8%) das mulleres entre 31 e 40 anos que están traballando o 68,2% teñen fillos e o 31,8% non os teñen, mentres que das 112 mulleres (42,2%) de 31 a 40 anos que están no momento da entrevista nunha situación laboral diferente o traballo remunerado o 86,6% teñen fillos e o 13,4% non os teñen. A ratio de fillos por muller con traballo remunerado no grupo de idade de 31 a 40 anos e do 1,1 fillos por muller, esta ratio aumenta a 1,6 fillos por muller no caso de que estea nunha situación diferente a do traballo remunerado.

Nas respostas a variábel P33MAISCARTOS non existe demasiada variación co grupo de idade anterior un 30,5% das mulleres con traballo remunerado considéranse sustentadoras principais ao responder que son elas as que aportan máis cartos, un 26,6% responden que *a persoa entrevistada e outra case que a partes*

iguais, e un 42,2% considéranse claramente sustentadoras secundarias o contestar que é *Outra persoa* a cuestión de: *quén é a persoa que aporta máis ingresos o fogar?*

Polo que parece, e a vista dos resultados, a porcentaxe de mulleres que acadan un traballo remunerado a costa de diminuír a fecundidade, en comparación coas súas compañeiras de cohorte que non traballan, conseguen en poucos casos *suposta independencia económica*, tanto polo que elas din e porque os homes do mesmo tramo de idade independentemente da súa situación laboral contestan a mesma pregunta nun 17,3% *a persoa entrevistada e outra case a partes iguais* é nun 13,5% *outra persoa*.

Certamente non teñen porque convivir no mesmo fogar individuos do mesmo intervalo de idade nin todas as persoas que teñen un traballo remunerado conviven co seu cónxuxe ou parella (inda que isto si que o sabemos, o 77,9 de todos os homes deste tramo de idade independentemente de que traballen ou non, responden afirmativamente a convivir co cónxuxe ou parella) pero a apreciación por parte do xénero masculino que son eles os sustentadores principais, o famoso *ganapan*, parece bastante enraizada, do mesmo xeito que, a muller ten para si a condición de sustentadora secundaria.

Persoalmente considero que calquera dos individuos que conformen un fogar e teñan traballo remunerado deberían considerar a opción *A persoa entrevistada e outra case que a partes iguais* o marxe da cantidade aportada, pero xogan nesta interpretación forzas en sentido contrario con connotacións patriarcais, inda que a idea expresada por Tobío Soler, C. (2002) sobre que "(...) as esposas traballadoras tratan as súas ganancias como diñeiro propio persoal que poden gastar como elas queiran máis que como unha contribución regular o presuposto familiar(...)" é unha afirmación non exenta de sorpresa que modifica de xeito sustancial o significado de "provedor".

Vexamos por último que características presenta a mostra e por analogía o universo de entrevistados de 41 a 50 anos en referencia a situación laboral e número de fillos.

Situación laboral actualmente?

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe Homes	Porcentaxe Mulleres
Traballa	273	61,5	72,0	51,3
Xubilado/a ou pensionista (anteriormente traballou)	20	4,5	6,9	2,2
Pensionista (anteriormente non traballou)	2	,5	,5	,4
Parado/a , traballou antes	97	21,8	20,2	23,5
Parado/a, busca o primeiro emprego	1	,2	,0	,4
Traballo doméstico non remunerado	49	11,0	,0	21,7
N.C.	2	,5	,5	,4
Total	444	100,0	100,0	100,0

Táboa 5. Situación laboral mostra de 41 a 50 anos

En comparación cos grupos de idade anteriores e fixándonos nas porcentaxes para o grupo de mulleres, chama atención que baixa a porcentaxe de mulleres con traballo remunerado e baixa tamén o porcentaxe de mulleres en paro, para aumentar a porcentaxe de mulleres nun traballo doméstico non remunerado. Nos homes diminúe a porcentaxe de poboación cun traballo remunerado, aumentan os xubilados e pensionistas que anteriormente traballaron e mantense o paro.

En canto aos fillos, o 51,3% das mulleres que teñen un traballo remunerado teñen fillos o 91,4% cun total de 207 fillos, o que supón unha ratio de 1,8 fillos por muller de entre 41 e 50 anos que teñen un traballo remunerado. O 48,7% de mulleres, nese rango de idade, que están nunha situación laboral diferente ao traballo remunerado, teñen fillos o 89,1% cun total de 228 fillos, a ratio será entón de 2,1 fillos

por muller de 41 a 50 anos que está no momento da entrevista nunha situación laboral diferente ao traballo remunerado.

Observo nesta cohorte de idade que as mulleres con traballo remunerado teñen fillos en porcentaxe superior ás de outra situación laboral pero significativamente en menor cantidade.

Cada vez en menor número considéranse elas mesmas sustentadoras principais, agora o 25,9% contestan que son elas as que aportan máis cartos; o 22,4% *case que apartes iguais* , o 50,9% *outra persoa* sempre estou falando das mulleres con traballo remunerado.

Os homes deste grupo de idade indistintamente de ter ou non traballo remunerado consideran que son eles os que aportan máis cartos nun 78,9%, un 9,2% *case que apartes iguais* , e un 10,6% *outra persoa*.

Como supoñía, o análise de algunha das características da mostra da un perfil máis nítido da composición da mesma. As posibilidades que os datos do Centro de Investigacións Sociolóxicas brindan fan moi difícil renunciar a “trastear” un pouco coa composición da forza de traballo, os número de fillos que teñen dependendo da situación laboral, os grupos de idade, e a percepción de quen é o sustentador/a principal nas unidades de convivencia. Vexamos agora o que responden sobre a primeira infancia e se algún destes grupos difire visiblemente no xeito de responder darei conta del.

Análise de resultados

No estudo actual CIS- 2788 (04/02/09) Barómetro febreiro 2009, destacan para o meu estudo os seguintes resultados:

P.7. En que medida se considera unha persoa interesada pola infancia?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Moito	830	33,3	25,8	40,6
bastante	1022	41,0	41,6	40,5
Pouco	449	18,0	22,4	13,8
Nada	149	6,0	8,7	3,4
N.S.	23	,9	,9	,9
N.C.	17	,7	,7	,7
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 6. Interese pola infancia.

O interese pola infancia expresado na entrevista mostra de xeito inequívoco o xénero que teñen os cidadáns con máis interese pola infancia. Que un 17,2 % de mulleres contesten que se consideran *Nada* ou *Pouco* preocupadas pola infancia fronte o 31,1 % dos homes que responden o mesmo é un dato que condiciona dende o principio a enquisa, un terzo dos homes entrevistados darán a súa opinión sobre un tema no que non están interesados, realmente descubriremos ese desinterese e a súa causa?.

P.8. A qué idade debería empezar a educación obrigatoria?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Antes dos 3 anos	333	13,4	13,1	13,7
Aos 3 anos	1287	51,7	49,8	53,5
Aos 4 anos	391	15,7	15,3	16,1
Aos 5 anos	220	8,8	9,6	8,1
Aos 6 ou máis anos	141	5,7	6,3	5,1
N.S.	105	4,2	5,6	2,9
N.C.	13	,5	,4	,6
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 7.A que idade debería empezar a educación obrigatoria.

P.10. A qué idade empeza a educación obrigatoria?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Antes dos 3 anos	114	4,6	4,1	5,1
Aos 3 anos	1169	46,9	40,9	52,8
Aos 4 anos	268	10,8	11,8	9,8
Aos 5 anos	165	6,6	8,8	4,5
Aos 6 ou máis anos	333	13,4	12,3	14,5
N.S.	433	17,4	21,9	13,0
N.C.	8	,3	,2	,4
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 8. A que idade empeza a educación obrigatoria

Chama bastante atención, que só un 13,4 % dos entrevistados saiban realmente a idade do comezo da escolarización obrigatoria; é sorprendente porque de todos os entrevistados un 17,03% teñen fillos menores de 6 anos, canto menos estes deberían estar informados de primeira man, a no ser que pertencen o 24% de entrevistados que responden *pouco* ou *nada* a P.7, *en qué medida considerase unha persoa interesada na infancia?*

Nesta cuestión as mulleres equivócanse e acertan máis que os homes, pero tamén contestan máis, o 21,9 % dos homes contestan que *non o sabe*, resulta unha ataque de sinceridade colectiva ou arrastra o cuestionario a falta de interese mostrada no inicio por este amplo grupo de entrevistados?

P.10. Con cal das dúas frases está máis de acordo?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Aínda que pode ter algún beneficio a escola infantil ou a gardería o mellor é que os menores de 3 anos <u>permanezan na casa</u> .	1045	42,0	38,9	44,9
Aínda que poda ter beneficio quedar na casa o mellor para os menores de 3 anos é <u>que asistan</u> a unha escola infantil ou gardería	1348	54,1	56,5	51,9
N.S.	71	2,9	3,6	2,1
N.C.	26	1,0	1,1	1,0
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 9. Con cal das dúas frases está máis de acordo?

Os beneficios de asistir a escola infantil ou gardería para os menores de 3 anos parece claramente recoñecido pola mostra, mentres un 42,0% escollen a opción de que estes nenos queden na casa un 54,1% consideran que é mellor que acudan un centro.

Case que seis puntos porcentuais separan aos homes das mulleres nesta elección, os dous están de acordo que o mellor para os menores de 3 anos é que asistan a unha escola infantil ou gardería pero é a muller a que o cree en menor porcentaxe, un 51,9% fronte un 56,5% dos homes.

Na táboa de continxencia resulta significativa a relación entre ser muller e preferir que os nenos/as queden na casa e ser home e que acudan a gardería; se engadimos a está relación a variábel idade os resultados toman outro cariz, mentres nos menores de 45 anos a porcentaxe total (homes e mulleres) que están de acordo co que os nenos/as permanezan na casa diminúe a un 34,6% e aumentan os que prefiren que asistan un centro 61,6%. Nos maiores de 45 anos as cifras cambian, e son un 50,2% os que prefiren que queden na casa fronte a un 46,4% que escollen a opción da escola infantil ou gardería, pero aínda que nos maiores de 45 anos, as mulleres relacionan positivamente coa opción de quedar na casa fano en menor grao que sen introducir esta nova variábel (2,7 fronte o 3,1 nos residuos corrixidos.)

Unha cousa moi diferente sucede se no que nos fixamos agora é nas respostas dos entrevistados que están traballando. Neste caso, ao realizar a táboa de continxencia por xénero as mulleres non relacionan xa coa opción de preferir quedar na casa, as súas respostas son idénticas as dos homes que traballan. A relación, tan claramente manifestada na táboa con todas as respostas entre as diferentes preferencias entre homes e as mulleres, desaparece ou engadirlle a variábel “situación laboral actual”. Sucede, que as diferentes opcións de respostas non están condicionadas polo xénero se en quen nos fixamos é nos entrevistados que traballan, en moitos casos é como di Salvador, González J. “ As diferenzas de xénero son unha constante en

canto non se descubre a variábel que indirectamente afecta e incide nos resultados”. Neste caso, podemos deducir que non é unha cuestión de ser muller ou non para ter máis preferencia porque os nenos pequenos permanezan na casa en vez de acudir a unha gardería ou escola infantil.

O que realmente inflúe na elección destas opcións é a situación laboral dos entrevistados. Como as mulleres teñen menor penetración no mercado laboral, consecuentemente cando analizamos os resultados da poboación no seu conxunto descubrimos unha relación nas táboas de continxencia entre a condición de ser muller e preferir que os nenos queden na casa, a hipótese de relación asimétrica entre as variables P.34- P.10- P.29 descóbrenos que non é exactamente así:

			É vostede home, muller?		Total
			Home	Muller	
Con cal das dúas frases está máis de acordo?	Inda que pode ter algún beneficio a escola infantil ou a gardería o mellor e que os menores de 3 anos <u>permanezan na casa</u>	Reconto	476	569	1045
		% de É vostede home, muller?	38,9%	<u>44,9%</u>	42,0%
	Inda que poda ter beneficio quedar na casa o mellor para os menores de 3 anos é <u>que asistan</u> a unha escola infantil ou gardería	Residuos corrixidos Reconto	-3,1	3,1	
		% de É vostede home, muller?	691	657	1348
N.S.		% de É vostede home, muller?	56,5%	<u>51,9%</u>	54,1%
		Residuos corrixidos	2,3	-2,3	
	Reconto	44	27	71	
N.C.		% de É vostede home, muller?	3,6%	2,1%	2,9%
		Residuos corrixidos	2,2	-2,2	
	Reconto	13	13	26	

	% de É vostede home, muller?	1,1%	1,0%	1,0%
	Residuos corrixidos	,1	-,1	
Total	Reconto	1224	1266	2490
	% de É vostede home, muller?	100,0%	100,0%	100,0%

Táboa 10. Táboa de continxencia entre as variables: Con cal das dúas frases está máis de acordo? * É vostede home, muller?

Táboa de continxencia entre as variábeis “ Con cal das dúas frases está máis de acordo?” e “* É vostede home, muller?” realizada entre os entrevistados que estaban traballando


			É vostede home, muller?		Total
			Home	Muller	
Con cal das dúas frases está máis de acordo?	Inda que pode ter algún beneficio a escola infantil ou a gardería o mellor e que os menores de 3 anos <u>permanezan na casa</u>	Reconto	244	169	413
		% de É vostede home, muller?	36,8%	<u>37,1%</u>	36,9%
	Inda que poda ter beneficio quedar na casa o mellor para os menores de 3 anos é <u>que asistan</u> a unha escola infantil ou ga	Residuos corrixidos	-,1	,1	
		Reconto	391	274	665
	N.S.	% de É vostede home, muller?	59,0%	<u>60,1%</u>	59,4%
		Residuos corrixidos	-,4	,4	
	N.C.	Reconto	23	6	29
		% de É vostede home, muller?	3,5%	1,3%	2,6%
		Residuos corrixidos	2,2	-2,2	
		Reconto	5	7	12
Total		% de É vostede home, muller?	,8%	1,5%	1,1%
		Residuos corrixidos	-1,2	1,2	
		Reconto	663	456	1119
		% de É vostede home, muller?	100,0%	100,0%	100,0%

Táboa 11. Táboa de continxencia entre as variábeis “ Con cal das dúas frases está máis de acordo?” e “* É vostede home, muller?” seleccionando só aos entrevistados que estaban traballando

Detéñome só un momento, mostrando un exemplo de cómo a relación entre as variables non é tal se axustamos correctamente as ferramentas de análise.

Análise loglineal entre a variábel P.10. preferencias para ir a un centro de educación infantil P.29. É vostede home ou muller? e P.34. Situación laboral actual.

Supoñendo unha relación asimétrica entre as variables P.29 *É vostede Home ou Muller?* P.34 *Situación laboral actual* e P.10 *Preferencia por ir a un centro de educación infantil ou gardería ou quedar na casa* o análise causal ofreceríanos estes coeficientes.



Gráfica 1. Representación do análise log-lineal para as variables: P. 34 situación laboral;P.29 e vostede home ou muller? P.10 preferencia por quedar na casa ou levar os nenos a gardería.

Mediante o análise loglineal descubrimos que a relación entre P.29 e P.10 non é unha relación directa, entón a suposta relación entre o xénero e a preferencia por un centro de educación infantil ou quedar na casa nos menores de 3 anos queda rexeitada. Tamén observo que mentres o coeficiente de relación entre a variábel 34

(situación laboral) e P.10 (preferencia gardería e casa) é 0.020 trataríase do efecto bruto en teoría o efecto directo sería de 0.019, con que só un 0.001 sería a influencia que trae P.34 *Situación laboral actual* de P.29 *É vostede Home ou Muller?*, xénero.

Resumen de los pasos

Paso ^b	Efectos	Chi-cuadrado ^a	gl	Sig.	Número de iteraciones	
0	Clase generadora ^c	P29*P34*P10		,000	0	
	Efecto eliminado 1	P29*P34*P10		2,975	7	,887
1	Clase generadora ^c	P29*P34, P29*P10, P34*P10		2,975	7	,887
	Efecto eliminado 1	P29*P34		483,552	7	,000
	2	P29*P10		1,328	1	,249
	3	P34*P10		58,509	7	,000
2	Clase generadora ^c	P29*P34, P34*P10		4,303	8	,829
	Efecto eliminado 1	P29*P34		489,793	7	,000
	2	P34*P10		64,750	7	,000
3	Clase generadora ^c	P29*P34, P34*P10		4,303	8	,829

a. Para 'Efecto eliminado', éste es el cambio en la Chi-cuadrado después de eliminar el efecto del modelo.

b. En cada paso, se elimina el efecto con mayor nivel de significación para el Cambio en la razón de verosimilitudes, siempre que el nivel de significación sea mayor que ,050.

c. Se muestran los estadísticos para el mejor modelo en cada paso después del paso 0.

Táboa 12. Resume dos pasos do análises log-lineal

Outra “sorpresa” nesta cuestión son as respostas obtidas polos entrevistados que non teñen fillos, en primeiro lugar as porcentaxes na elección de acudir a un centro de educación infantil ou gardería aumentan tanto para os homes como para as mulleres. Os homes que teñen fillos escollen esta opción nun 55,1% os que non nun 58,7%, as mulleres que teñen fillos escollen esta opción nun 48,6% as que non teñen fillos nun 61,6%.

A relación que xurdía na táboa de continxencia con toda a mostra mantense entre os entrevistados que teñen fillos pero desaparece nos que non os teñen, de novo a relación entre o xénero e a preferencia por unha das dúas respostas, os homes por que os nenos menores de 3 anos acudan a un centro e as mulleres porque os nenos menores de 3 anos queden na casa, desaparece se o que

comparamos son as respostas dos homes e as mulleres que non teñen fillos.

P.11. A qué deberían as administracións públicas dar prioridade?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Facilitar medidas para que pais traballadores teñan tempo para coidar os seus fillos/as.	1311	52,7	48,9	56,2
Crear centros (escolas infantís, garderías) onde puideran ser atendidos.	859	34,5	37,7	31,4
Ambas por igual	271	10,9	11,6	10,2
N.S.	36	1,4	1,2	1,7
N.C.	13	,5	,5	,6
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 13. A que deberían as Administracións dar prioridade.

Son as mulleres, as que reclaman con máis interese medidas para ter tempo de coidar dos fillos, 56,2%, case que oito puntos porcentuais en comparación cos homes 48,9%, isto pode estar en relación co maior desexo por parte das mulleres de que os nenos permanezan na casa, pero a resposta fai fincapé en facilitar as medidas aos pais traballadores. Tamén neste caso, a táboa de continxencia mostra como as mulleres prefiren medidas para que os pais teñan tempo para coidar os seus fillos/as, e os homes prefiren que se creen centros (escolas infantís, garderías) onde poidan ser atendidos.

Pero outra vez, a relación desaparece se fago a análise só das respostas obtidas dos entrevistados que están traballando, pero non porque sexan as mulleres as que axusten a súa resposta, non, elas seguen en porcentaxes moi similares para cada resposta incluso reforzan un pouco a tendencia. Son neste caso os homes que están traballando os que, reducen lixeiramente as respostas na opción de creación de centros e alteran os resultados da táboa de continxencia ata facelos non significativos.

Son os maiores de 45 anos na mostra total onde a diferenza de opcións entre xénero é máis notable.

De novo os 777 entrevistados que non teñen fillos non mostran diverxencias neste caso, reducíndose o porcentaxe de mulleres que escollen a primeira resposta *Facilitar medidas para que pais traballadores teñan tempo para coidar os seus fillos/as*. Os mesmos niveis que os homes e desaparecendo a preferencia diferenciada na táboa de continxencia.

P.12. A sociedade qué atención lle presta os nenos/as menores de 3 anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Moita	130	5,2	4,8	5,6
Bastante	791	31,8	32,3	31,3
Pouca	1170	47,0	48,0	46,0
Ningunha	183	7,3	5,8	8,8
N.S.	205	8,2	8,7	7,8
N.C.	11	,4	,4	,5
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 14. Atención aos nenos menores de 3 anos. A sociedade

Un 54,3% dos entrevistados, máis da metade, cree que a sociedade préstalle *Pouca* ou *Ningunha* atención aos menores de 3 anos; aumentando esta porcentaxe ata un 64,4% cando a mesma cuestión se refire a atención prestada polas Administracións Públicas; un 24,7% creen que é *Moita* (2,7%) ou *Bastante* (22,0%) a atención que lle presta as Administracións Públicas a infancia. Non existen diferenzas significativas entre os homes e as mulleres, quizás as mulleres móstranse un pouco máis extremas, un 8,8% creen que a sociedade non lle presta atención os nenos/as menores de 3 anos fronte ao 5,8% dos homes que creen o mesmo.

P.13. As Administracións públicas qué atención lle presta aos nenos/as menores de 3 anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Moita	67	2,7	2,3	3,1
Bastante	548	22,0	21,5	22,5
Pouca	1290	51,8	52,3	51,3
Ningunha	314	12,6	12,5	12,7
N.S.	263	10,6	11,1	10,0
N.C.	8	,3	,3	,3
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 15. Atención aos nenos menores de 3 anos. As administracións públicas

P.14. As Administracións públicas préstalle menos ou igual atención que fai 10 anos aos nenos/as menores de 3 anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Máis	1353	54,3	52,8	55,8
Menos	243	9,8	10,1	9,4
Igual	529	21,2	21,4	21,1
N.S.	347	13,9	15,0	13,0
N.C.	18	,7	,7	,7
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 16. Menor o igual atención que fai 10 anos.

P.15. As Administracións públicas l préstalle menos ou igual atención aos nenos/as menores de 3 anos que aos de 3 a 6 anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Máis	279	11,2	11,4	11,1
Menos	949	38,1	35,9	40,3
Igual	816	32,8	33,1	32,5
N.S.	433	17,4	19,1	15,7
N.C.	13	,5	,6	,5
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 17. Menor o igual atención aos menore de 3 anos que aos de 3-6 anos..

P.16. Considera necesario que os nenos/as de 3 a 6 anos asistan a unha escola infantil ou gardería?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
En tódolos casos	1945	78,1	78,9	77,3
Nalgúns casos	428	17,2	16,2	18,2
En ningún caso	74	3,0	2,7	3,2
N.S.	36	1,4	2,0	,9
N.C.	7	,3	,2	,3
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 18. Asistencia a unha escola infantil ou gardería. Nenos de 3 a 6 anos

Un 3% dos entrevistados responden que “ *En ningún caso consideran necesario a asistencia dos nenos de 3 a 6 anos a unha escola infantil ou gardería*” e un 78,1% “ *En tódolos casos*”, o segundo ciclo de educación infantil ten unha forte consolidación, tanto que a porcentaxe máis elevado 46,9% creen que o ensino obrigatorio empeza nesta idade.

P16a. As razóns porque considera que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as de 3 a 6 son?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
0 *	117*	4,7*	4,9*	4,5*
Por qué así as nais e pais que traballan terán resolto máis facilmente o coidado de nenos/as	612	24,6	23,8	25,4
Por qué a escola facilita a redución das diferenzas culturais e sociais.	190	7,6	8,5	6,8
Por qué a escola facilita que os nenos e as nenas convivan con outros da súa mesma idade.	926	37,2	34,2	40,0
Por qué cando antes empecen os nenos/as a adquirir os coñecementos e destrezas necesarios mellor.	567	22,8	25,2	20,4
por outra razón	24	1,0	,8	1,1
N.S.	11	,4	,6	,3
N.C.	43	1,7	2,0	1,5
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 19. Razóns para asistir a un centro. Nenos de 3 a 6 anos

Nas razóns para que acudan os nenos/a de 3 a 6 anos a unha gardería ou escola infantil, os homes creen en maior porcentaxe que as mulleres, que canto antes empecen os nenos a adquirir os coñecementos e destrezas necesarios mellor, mentres que as mulleres inclínanse máis en crer que a escola facilita a convivencia con outros da súa mesma idade, está relación corrobórase nas táboas de continxencia, pero desaparece outra vez se o que analizamos son as respostas dos entrevistados que están traballando.

P.17. Considera necesario que os nenos/as de 1 e 2 anos asistan a unha escola infantil ou gardería?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
En tódolos casos	402	16,1	17,3	15,0
Nalgúns casos	1214	48,8	45,7	51,7
En ningún caso	807	32,4	33,9	31,0
N.S.	55	2,2	2,9	1,6
N.C.	12	,5	,2	,7
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 20. Asistencia a unha escola infantil ou gardería. Nenos de 1 e 2 anos

A mesma cuestión para nenos/as de 1 a 2 anos inverte a tendencia, agora son un 16,1 % dos entrevistados os que consideran necesaria a asistencia a un centro destes nenos “*En tódolos casos*”, fronte o 78,1% que pensaba o mesmo para o intervalo 3 a 6 anos.

As porcentaxes da resposta “*En ningún caso*” son moi elevados 32,4%, non obstante resulta interesante destacar que no estudo das respostas dos entrevistados que están traballando os homes obteñen un número de respostas nesta opción 32,6% significativamente moi superiores as esperadas en comparación ao número de respostas das mulleres 23,9%, neste caso significativamente inferiores as esperadas nas táboas de continxencia, que expresan os resultados xustamente contrarios na opción *Nalgúns casos* . A significatividade mantense nesta resposta no cuestionario con todas as entrevistas pero non así na opción de *En ningún caso*

P.17a. As razóns porque considera que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as de 1 e 2 son?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
0*	874*	35,1*	37,0*	33,3*
Por qué así as nais e pais que traballan terán resolto máis facilmente o coidado de nenos/as	1032	41,4	39,0	43,8
Por qué a escola facilita a redución das diferenzas culturais e sociais.	59	2,4	2,1	2,6
Por qué a escola facilita que os nenos convivan con outros da súa mesma idade.	352	14,1	14,6	13,7
Por qué cando antes empecen os nenos a adquirir os coñecementos e destrezas necesarios mellor.	133	5,3	5,6	5,1
Por outra razón	7	,3	,3	,2
N.S.	21	,8	,8	,9
N.C.	12	,5	,6	,4
Total	2490	100,0	100,0	100,0

(*)O 35,1% do 0 refírese aos que non consideran necesario ou non saben ou non contestan a Cuestión 17 sobre a escolarización dos nenos/as de 3 a 6 anos.

Táboa 21. Razóns para asistir a un centro. Nenos de 1 e 2 anos

As razóns xa non son as mesmas que nos nenos de 2º ciclo, agora a resposta máis escollida é *Por qué así as nais e os pais que traballan terán resolto máis facilmente o coidado de nenos/as.*

P.18. Considera necesario que os nenos/as menores de 1 ano asistan a unha escola infantil ou gardería?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
En tódolos casos	132	5,3	5,1	5,5
Nalgúns casos	666	26,7	25,0	28,4
En ningún caso	1614	64,8	66,5	63,2
N.S.	65	2,6	3,1	2,1
N.C.	13	,5	,2	,8
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 22. Asistencia a unha escola infantil ou gardería. Nenos menores de un ano.

No tramo de idade de menores de 1 ano continua a inversión da tendencia contabilizándose un 5,3% dos entrevistados que están de acordo “*En tódolos casos*” a necesaria asistencia dos nenos/as a unha escola infantil ou gardería. O 26,7% pensa que “*Nalgúns casos*” é o 64,8% cre que “*En ningún caso*”, o xénero dos entrevistados parece ter pouca influencia na opinión dos entrevistados nesta serie de cuestións analizando as respostas globais, pero se outra vez facemos fincapé nos entrevistados traballando, a tendencia que parecía manifestarse pero non se demostraba nas táboas resulta clara, as mulleres traballadoras escollen moito máis que os homes a opción “*Nalgúns casos*” e son menores as respostas das esperadas para a opción “*En ningún caso*” que nos homes.

Ao responder polas razóns, as mulleres parecen máis inclinadas a considerar a facilidade do coidado dos nenos/as que lle ofrecen os centros pero non con gran diferenza, o que é certo e que tanto homes como mulleres resolver o coidado dos nenos/as é a razón, tanto nos de 1 a 2 anos como nos menores de un ano, máis referida; 63,9% de porcentaxe corrixido (o % dos que contestan “en tódolos casos” e “nalgúns casos”) no tramo 1-2 anos, e 79,7% dos que contestan afirmativamente no tramo de menores de 1 ano.

Como se trata da resposta de cidadáns en xeral igual me interesa coñecer a opinión das persoas que afirman ter fillos, polo que filtro a variable fillos e analizo as frecuencias das súas respostas:

GET

```
FILE='C:\Documents and
Settings\manuel\Escritorio\Doutoramento 2010\Traba'+
'llo TIT\datos CIS.sav'.
DATASET NAME Conjunto_de_datos3 WINDOW=FRONT.
SET TLook None TFit Labels.
SET Format=F8.2 Epoch=Automatic RNG=MC.
USE ALL.
COMPUTE filter_$=(P25FILLOS = 1).
VARIABLE LABEL filter_$ 'P25FILLOS = 1 (FILTER)'.
VALUE LABELS filter_$ 0 'No seleccionado' 1 'Seleccionado'.
FORMAT filter_$ (f1.0).
FILTER BY filter_$.
```

EXECUTE .

USE ALL.

```

COMPUTE filter_$=(P25FILLOS = 1).
VARIABLE LABEL filter_$ 'P25FILLOS = 1 (FILTER)'.
VALUE LABELS filter_$ 0 'No seleccionado' 1 'Seleccionado'.
FORMAT filter_$ (f1.0).
FILTER BY filter_$.
EXECUTE .
FRECUENCIAS
  VARIABLES=P18NENOS1 P18aRAZÓN1
  /ORDER= ANALYSIS .

```

Considera necesario que nenos/as menores de 1 ano asistan a unha escola infantil ou gardería?

	Frecuencia	Porcentaxe
En tódolos casos	87	5,1
Nalgúns casos	458	26,8
En ningún caso	1123	65,7
N.S.	36	2,1
N.C.	6	,4
Total	1710	100,0

Táboa 23. Asistencia a unha escola infantil ou gardería. Nenos menores de un ano.Só entrevistados que teñen fillos.

Observo que as porcentaxes non varían significativamente en comparación coa poboación en xeral. Probo agora cos que teñen fillos de tres anos ou menores, que serían os potenciais usuarios destes servizos:

```

DATASET COPY connenos.
DATASET ACTIVATE connenos.
USE ALL.
SELECT IF(P25FILLOS = 1).
USE ALL.
COMPUTE filter_$=(P25bIDADE1 <= 3 | P25bIDADE2 <= 3 ).
VARIABLE LABEL filter_$ 'P25bIDADE1 <= 3 | P25bIDADE2 <= 3
(FILTER)'.
VALUE LABELS filter_$ 0 'No seleccionado' 1 'Seleccionado'.
VARIABLES=P18NENOS1 P18aRAZÓN1 filter_$

```

Considera necesario que nenos/as menores de 1 ano asistan a unha escola infantil ou gardería?

	Frecuenci	Porcentaxe
a		
En tódolos casos	18	6,3
Nalgúns casos	89	31,1
En ningún caso	175	61,2
N.S.	3	1,0
N.C.	1	,3
Total	286	100,0

Táboa 24. Asistencia a unha escola infantil ou gardería. Nenos menores de un ano.Só entrevistados que teñen fillos menores de 3 anos.

Neste caso, a mostra redúcese, como era de esperar, pero parece que se mantén a tendencia nas respostas, cun lixeiro incremento na porcentaxe de “*nalgúns casos*” pero moi similar a poboación en xeral.

Neste apartado non deixa de resultar significativo o baixo % dos que consideran a razón de “*facilitar a redución das diferenzas culturais e sociais*” coma unha razón de peso para levar un neno a un centro, ao contrario é testemuñal, un 1,6% nos menores dun ano; un 3,7 nos de 1 a 2 anos.

Unha razón sempre esgrimida con vehemencia en calquera proxecto de atención e coidado da infancia e sobre todo coma un dos ideais que animaron a escolarización universal.

P.18a. As razóns porque considera que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as menores de 1 ano son?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
0*	1692*	68,0*	69,9*	66,1*
Por qué así as nais e pais que traballan terán resolto máis facilmente o coidado de nenos/as	636	25,5	23,5	27,5
Por qué a escola facilita a redución das diferenzas culturais e sociais.	13	,5	,5	,6
Por qué a escola facilita que os nenos e as nenas convivan con outros da súa mesma idade.	81	3,3	3,2	3,3
Por qué cando antes empecen os nenos/as a adquirir os coñecementos e destrezas necesarios mellor.	45	1,8	1,9	1,7
por outra razón	5	,2	,2	,2
N.S.	8	,3	,3	,3
N.C.	10	,4	,5	,3
Total	2490	100,0	100,0	100,0

(*)O 68,0% do 0 refírese os que non consideran necesario ou non saben ou non contestan a Cuestión 18 sobre a escolarización dos nenos/as de 3 a 6 anos.

Táboa 25. Razóns para asistir a un centro. Nenos menores de 1 ano.

Os resultados nestas tres cuestións P.16; P.17; P.18 van do 3% que consideran que en *Ningún caso* os nenos de 3-6 deben asistir a unha escola infantil ou gardería, pasando polo 32,4% no caso dos

nenos de 1 a 2 anos, e chegando ao 64,8% que creen que non deben asistir *En ningún caso* os nenos menores de 1 ano, neste tramo de idade os que están máis en desacordo que acudan son sorprendentemente os homes cun 66,5 fronte ao 63,2 das mulleres, esta diferenza inda é máis acusada entre os entrevistados que traballan 65,9% os homes ocupados fronte ao 58,1% das mulleres con traballa remunerado, no caso dos homes case que non diminúe esa porcentaxe mentres que nas mulleres traballadoras redúcese en 5 puntos porcentuais

En todos os demais casos as cifras son moi parellas. Nas razóns consideradas, as mulleres sempre destacan un pouco máis que os homes na 1º delas *por qué así as nais e pais que traballan terán resolto máis facilmente o coidado de nenos/as* . a segunda das razóns *Por qué a escola facilita a redución das diferenzas culturais e sociais*”a máis empregada polos teóricos da educación para implementar calquera programa de educación tempera, é a menos tida en conta por pais e nais con porcentaxes de 8,0% para o tramo de idade 3-6; o 3,7% para o de 1-2 anos e de 1,6 % para os de menos de un ano.

Onde aprenden mellor os nenos, na escola ou na familia?

Unha serie de cuestión no barómetro preguntan aos cidadáns onde consideran que aprenden mellor unha serie de desenvolvementos do neno, é importante advertir que a resposta *ambas por igual* non é a lee o entrevistador para que o entrevistado escolla entre as dúas opcións. Índa así ten bastante presenza nas respostas dos entrevistados. Comento brevemente algúns dos resultados.

P.19a. Os nenos antes dos 3 anos aprenden mellor a saber expresar a súas necesidades básicas e de saúde e benestar (pedir, facer pis e caca, pedir as cousas sen chorar..)

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Na Familia	1449	58,2	60,0	56,5
Na escola	592	23,8	22,5	25,0
Ambas por igual	384	15,4	14,8	16,0
N.S.	57	2,3	2,7	1,9
N.C.	8	,3	,1	,6
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 26. Onde aprende mellor os nenos?. A expresar as súas necesidades básicas.

P.19b.Os nenos/as antes dos 3 anos aprenden mellor a resolver por si mesmos algunhas necesidades de alimentación e hixiene (comer eles sos lavarse as mans)

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Na Familia	1258	50,5	52,7	48,4
Na escola	812	32,6	30,6	34,5
Ambas por igual	364	14,6	14,1	15,1
N.S.	46	1,8	2,2	1,5
N.C.	10	,4	,3	,5
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 27. Onde aprende mellor os nenos?. A resolver algunhas necesidades..

Se na cuestión anterior sobre *expresar as necesidades básicas* xa se manifestaba a tendencia, nesta comprobouse a través das táboas de continxencia, que as mulleres consideran máis que os homes que aprenden mellor na escola, e o contrario, os homes consideran que aprenden mellor na casa que na escola.

Non significa isto que contradiga o que se mostra na táboa tan claramente: un 48,4% de mulleres pensa que “os nenos/as aprenden mellor a resolver por si mesmos algunhas necesidades de alimentación e hixiene” na familia fronte un 34,5% de mulleres que pensan que o fan mellor na escola. O que din os datos tamén, é que a frecuencia das respostas das mulleres na opción “*Na familia*”, comparando co que contestan os homes, é inferior á esperada, e polo contrario

superior á esperada en comparación cos homes na resposta “Na escola”.

P19c. Os nenos/as menores de 3 anos aprenden mellor a controlar o seu corpo, manter o equilibrio, non caerse, erguerse...

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Na Familia	1388	55,7	56,9	54,6
Na escola	563	22,6	22,7	22,5
Ambas por igual	463	18,6	17,5	19,7
N.S.	62	2,5	2,3	2,7
N.C.	14	,6	,6	,6
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 28. Onde aprende mellor os nenos?. A controlar o seu corpo.

P19d. Os nenos/as menores de 3 anos aprenden mellor a relacionarse e comunicarse cos demais

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Na Familia	368	14,8	14,3	15,2
Na escola	1719	69,0	69,5	68,6
Ambas por igual	361	14,5	14,1	14,9
N.S.	33	1,3	1,8	,9
N.C.	9	,4	,3	,4
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 29. Onde aprende mellor os nenos?.A comunicarse cos demais

P.19e. Os nenos/as menores de 3 anos aprenden mellor a observar e explorar o seu entorno (ser curioso, preguntar..)

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Na Familia	643	25,8	26,0	25,7
Na escola	1111	44,6	46,1	43,2
Ambas por igual	665	26,7	24,8	28,5
N.S.	52	2,1	2,5	1,7
N.C.	19	,8	,7	,9
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 30. Onde aprende mellor os nenos?.A observar e explorar o seu entorno.

P.19f. Os nenos/as menores de 3 anos aprenden mellor as rutinas e normas (horarios, ser obediente...)

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Na Familia	710	28,5	27,9	29,1
Na escola	1190	47,8	50,2	45,5
Ambas por igual	538	21,6	19,9	23,3
N.S.	43	1,7	2,0	1,5
N.C.	9	,4	,2	,6
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 31. Onde aprende mellor os nenos?.As rutinas e as normas.

Neste caso as respostas se que parecen inclinarse máis pola escola. Os entrevistados pensan nun 69% que os nenos menores de 3 anos aprenden mellor a relacionarse comunicarse na escola que na familia, cun 14,8%, isto seguramente ten moito que ver co espazo relacional que supón a escola infantil ou gardería,

Na cuestión 19 os entrevistados responden de xeito diferenciado a dous bloques. O primeiro fai referencia a P19a, P19b, P19c necesidades básicas de saúde e benestar, alimentación e hixiene e control do seu corpo, este primeiro factor aprendese mellor na casa segundo todos os entrevistados, as mulleres presentan menores porcentaxes en toda este conxunto de variables na opción *Na familia* aumentando a diferenza cos homes en todas as variables cando os datos analizados son os dos entrevistados que están traballando.

Na variábel P.19b *Os nenos/as antes dos 3 anos aprenden mellor a resolver por si mesmos algunhas necesidades de alimentación e hixiene (comer eles sos lavarse as mans)* a diferenza entre os xéneros é significativa na táboa de continxencia.

Un segundo bloque estaría formado polas outras variables P.19d, P.19e, P.19f fan referencia a relacionarse e comunicarse, observar e explorar, rutinas e normas. Todos os entrevistados consideran que son cuestións que se aprenden mellor na escola ou gardería sempre cunha porcentaxes lixeiramente máis elevados na opción *Na escola* para os homes especialmente na P.19f *Os nenos/as*

menores de 3 anos aprenden mellor as rutinas e normas (horarios, ser obediente...) na escola infantil ou gardería 47,8% fronte a familia 28,5

Considerar que as rutinas e as normas apréndense mellor na escola ou gardería que na casa é algo no que están de acordo os dous xéneros pero, se mentres na capacidade de “resolver por si mesmos algunhas necesidades de alimentación e hixiene (comer eles sos lavarse as mans)” as dubidas na escola as mostraban os homes, nesta, a do orden as dubidas as mostran as mulleres

Canto de importante consideran os cidadáns algunhas cuestións nas escolas infantís ou garderías?

O CIS pretende nesta cuestión que os cidadáns valoren unha serie de características das escolas infantís ou garderías a través dunha escala tipo Liker, na que se bota en falla un termo central. Expoño os resultados como nas cuestións anteriores desagregados por mulleres e homes , e fago algún comentario sobre táboas de continxencia variables de referencia, rangos de idade, situación laboral, que son salientables nalgunhas das respostas.

P.20a. Canto é de importante que o persoal teña un título oficial nunha gardería ou escola infantil de nenos/as menores de 3 anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Moi importante	1718	69,0	68,5	69,5
Bastante importante	649	26,1	26,2	25,9
Pouco importante	75	3,0	3,1	2,9
Nada importante	15	,6	,7	,5
N.S.	23	,9	1,1	,7
N.C.	10	,4	,3	,5
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 32. Canto é de importante nun centro? Que o persoal teña título oficial.

P.20b. Canto é de importante que os locais sexan amplos e de boas condicións nunha gardería ou escola infantil de nenos/as menores de 3 anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Moi importante	1763	70,8	69,4	72,2
Bastante importante	677	27,2	28,3	26,1
Pouco importante	26	1,0	1,3	,8
Nada importante	2	,1	,2	,0
N.S.	14	,6	,8	,3
N.C.	8	,3	,1	,6
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 33. Canto é de importante nun centro? Que os locais sexan amplos.

P.20c. Canto é de importante que haxa poucos nenos por aula nunha gardería ou escola de educación infantil de nenos/as menores de 3 anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Moi importante	1347	54,1	50,6	57,5
Bastante importante	930	37,3	39,3	35,5
Pouco importante	151	6,1	6,9	5,3
Nada importante	8	,3	,7	,0
N.S.	38	1,5	2,0	1,0
N.C.	16	,6	,6	,7
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 34. Canto é de importante nun centro? Que haxa poucos nenos por aula.

Neste bloque de características dos centros de primeira infancia as respostas esperadas dos homes en comparación coas feitas polas mulleres son inferiores tanto en “*Moi importante*” como en “*Bastante importante*”.

As mulleres, claramente, danlle máis importancia ao número de nenos/as por aula que a que lle dan os homes, mentres nas anteriores cuestións de P20 non había diferenzas significativas, se o que comparamos son as respostas que dan os entrevistados que están traballando as táboas de continxencia só mostran relación entre a primeira opción “*Moi importante*” é as respostas esperadas para as mulleres que neste caso son superiores, non é así para “*Bastante*

importante”. Son de novo os entrevistados de entre 31 e 40 anos os que expresan máis esta diferenza entre xéneros, pode ser porque é o máis numeroso 555, na cuestión seguinte só neste tramo de idade contéplanse diferenzas entre xénero no momento de escoller a opción de resposta,

P20d. Canto é de importante que haxa un programa educativo específico nunha gardería ou escola infantil de menores de 3 anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Moi importante	1531	61,5	59,8	63,1
Bastante importante	785	31,5	32,3	30,8
Pouco importante	93	3,7	4,2	3,2
Nada importante	10	,4	,6	,2
N.S.	59	2,4	2,8	2,0
N.C.	12	,5	,3	,6
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 35. Canto é de importante nun centro? Que haxa un programa educativo.

P20e. Canto é de importante que o persoal sexa cariñoso e afectuoso nunha gardería ou escola infantil de neons/as menores de 3 anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Moi importante	1967	79,0	76,5	81,4
Bastante importante	480	19,3	21,6	17,1
Pouco importante	23	,9	1,2	,6
Nada importante	2	,1	,2	,0
N.S.	9	,4	,5	,2
N.C.	9	,4	,1	,6
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 36. Canto é de importante nun centro? Que o persoal sexa cariñoso.

A vista do desenvolvemento do análise dos resultados comparados ata agora é previsible atoparnos nesta pregunta, sobre a importancia do *cariño do persoal*, diferenzas de resposta atendendo o xénero dos entrevistados, e claro está, son os homes os que presentan un porcentaxe de respostas inferior o esperado na opción “*Moi importante*” en comparación ao seu peso na mostra e en relación as

respostas das mulleres que presentan un porcentaxe superior o esperado.

P20f. Canto é de importante que ofrezca flexibilidade de horario unha gardería ou escola infantil de nenos/as menores de 3 anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Moi importante	1444	58,0	56,2	59,7
Bastante importante	868	34,9	35,2	34,5
Pouco importante	105	4,2	5,7	2,8
Nada importante	14	,6	,6	,6
N.S.	43	1,7	1,9	1,6
N.C.	16	,6	,4	,9
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 37. Canto é de importante nun centro? Que ofrezca flexibilidade horaria.

Chama atención, o grao de importancia que se lle atribúe a esta característica. Obsérvase un nesgo de xénero na medida que son os homes os que escollen claramente máis esta opción que as mulleres. Seguramente aféctalles menos.

P20g. Canto é de importante que se lles dea unha alimentación correcta e equilibrada a un neno/a menor de 3 anos nunha gardería ou escola infantil?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Moi importante	1978	79,4	77,6	81,2
Bastante importante	462	18,6	19,9	17,3
Pouco importante	25	1,0	1,5	,6
Nada importante	2	,1	,2	,0
N.S.	11	,4	,7	,2
N.C.	12	,5	,2	,7
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 38. Canto é de importante nun centro? Que ofrezca unha alimentación correcta.

Esta é a característica das presentadas na enquisa máis valorada como “*Moi importante*”, recibir unha alimentación correcta, e son as mulleres as que comparativamente en relación cos homes escollen esta opción, presentando nas demais respostas porcentaxes

inferiores os esperados. Relación que desaparece de todas as respostas se o que comparamos son as respostas dos homes e mulleres que están traballando.

P20h. Canto é de importante que se lles ofrezca ensinanza de idiomas nunha gardería ou escola infantil de nenos/as menores de tres anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Moi importante	853	34,3	33,3	35,2
Bastante importante	916	36,8	36,9	36,7
Pouco importante	476	19,1	19,9	18,4
Nada importante	150	6,0	6,6	5,5
N.S.	79	3,2	2,9	3,4
N.C.	16	,6	,3	,9
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 39. Canto é de importante nun centro? Que ofrezca ensino de idiomas.

Nesta cuestión nas táboas de continxencia obsérvase menos respostas das esperadas para a opción “*Pouco importante*” nas mulleres traballadoras, en comparación cos homes traballadores.

P20i. Canto é de importante que teña servizo de transporte unha gardería ou escola infantil de nenos/as menores de tres anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Moi importante	1032	41,4	40,6	42,3
Bastante importante	1026	41,2	41,9	40,5
Pouco importante	310	12,4	12,3	12,6
Nada importante	48	1,9	2,0	1,9
N.S.	58	2,3	2,9	1,8
N.C.	16	,6	,3	,9
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 40. Canto é de importante nun centro? Que teña servizo de transporte.

Atendendo aos porcentaxes da variábel P.20 diferencio un grupo que serían as respostas que obteñen entre un 70% e un 80% na opción “*Moi importante*” nos que incluíría:

- Alimentación correcta e equilibrada 79,4%
- Persoal cariñoso e afectuoso 79%

- Locais amplos e de boas condicións 70,8%
- Persoal con título oficial 69%

Un grupo de factores que os entrevistados danlle uns porcentaxes na opción “Moi importante” entre o 60% e o 50% que serían:

- Programa educativo específico 61,5%
- Flexibilidade de horario 58,0%
- Poucos nenos por aula 54,1%

E un derradeiro grupo de características que debe reunir unha gardería o Escola de educación infantil nos que a opción “Moi importante” obtén unhas porcentaxes próximas e inferiores o 40%:

- Servizo de transporte 41,4%
- Ensino de idiomas 34,3%

Uns grupos de porcentaxes de respostas que están influídos pola posibilidade de escoller a opción *moi importante* entodas as respostas. Os resultados son un pouco diferentes cando a pregunta formúlase de forma excluinte, como fai o CIS na P.21

P.21. Para vostede, a hora de escoller un centro, cal sería o máis importante?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Persoal con título oficial	858	34,5	36,3	32,7
Locais amplos e ben acondicionados	204	8,2	7,5	8,8
Poucos nenos por aula	124	5,0	4,3	5,6
Un programa de educación específico	262	10,5	12,0	9,1
Persoal cariñoso e afectuoso	619	24,9	22,1	27,6
Que ofrezca flexibilidade de horario	100	4,0	3,9	4,1
Unha alimentación correcta e equilibrada	182	7,3	7,4	7,3
Que teña ensino de idiomas	26	1,0	1,3	,8
Que teña transporte	14	,6	,7	,4
Outra	16	,6	,7	,6
N.S.	62	2,5	2,9	2,1
N.C.	23	,9	,8	1,0
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 41. O máis importante a hora de escoller un centro

Nesta cuestión, os entrevistados mostran unha influencia polo seu xénero a hora de escoller as respostas, deste xeito os homes presentan frecuencias superiores as esperadas nas opcións “*Persoal con título oficial*” e “*Programa de educación específico*”, mentres as mulleres presentan frecuencias de respostas máis elevadas das esperadas para a resposta de “*Persoal cariñoso e afectuoso*”, está influencia do xénero desaparece por completo nas respostas dos entrevistados que están en situación laboral “*Traballando*”. Na segunda opción en importancia non se detecta relación algunha entre a elección da resposta e o xénero.

P21. Para vostede, a hora de escoller un centro que sería o segundo en importancia?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Persoal con título oficial	307	12,3	12,7	12,0
Locais amplos e ben acondicionados	351	14,1	14,2	14,0
Poucos nenos por aula	177	7,1	7,2	7,0
Un programa de educación específico	272	10,9	11,5	10,3
Persoal cariñoso e afectuoso	509	20,4	19,7	21,2
Que ofrezca flexibilidade de horario	196	7,9	8,2	7,6
Unha alimentación correcta e equilibrada	469	18,8	17,5	20,1
Que teña ensino de idiomas	52	2,1	2,3	1,9
Que teña transporte	34	1,4	1,3	1,4
Outra	13	,5	,5	,6
N.S.	86	3,5	4,2	2,8
N.C.	24	1,0	,8	1,1
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 42. O segundo en importancia a hora de escoller un centro

Sumando os porcentaxes da primeira opción en importancia coa segunda optemos unhas preferencias a hora de escoller un centro deste xeito:

- ✓ - Persoal con título oficial: 45,8% ;(34,5 + 12,3)
- ✓ - Persoal cariñoso e afectuoso:..... 45,3% ;(24,9 + 20,4)
- ✓ - Unha alimentación correcta e equilibrada: 26,1% ;(7,3 + 18,8)

- ✓ - Locais amplos e ben acondicionados:..... 22,3% ;(8,2 + 14,1)
- ✓ - Un programa de educación específico: ... 21,4 % ;(10,5 + 10,9)

Outra pregunta do barómetro ofrece aos entrevistados a posibilidade de escoller entre un centro público e privado a hora de proporcionar unha mellor educación.

P.22. Qué tipo de centro cree que proporciona mellor educación infantil, un centro público ou un centro privado?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Público	901	36,2	35,9	36,4
Privado	673	27,0	29,3	24,8
Ambos por igual	550	22,1	19,4	24,6
N.S.	344	13,8	14,6	13,0
N.C.	22	,9	,7	1,1
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 43. Mellor un centro público ou un privado

Tamén nesta cuestión, son diferentes as respostas esperadas que as recollidas, no caso dos homes son máis elevadas das esperadas o escoller a opción “privados” e inferiores as esperadas na opción “ambos por igual”, xusto o contrario que as mulleres, esta última opción non se lía na entrevista.

Inmediatamente a continuación da cuestión sobre o modelo de centro (público ou privado) o entrevistador proponlle ao entrevistado que lle diga, entre unha serie de opcións excluíntes, cal considera o problema máis importante das escolas infantís ou garderías e seguidamente cal e o segundo problema en importancia, ofrecendo as mesmas opcións de resposta.

P.23. Cal é o principal problema das escolas infantís ou garderías para menores de 3 anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Non hai suficientes profesionais cualificados	298	12,0	13,2	10,8
Hai centros que non cumpren cos requisitos mínimos	250	10,0	10,6	9,5
Hai demasiados nenos por aula	257	10,3	9,5	11,1
Os centros non ofrecen flexibilidade horaria	130	5,2	5,1	5,4
Non hai centros públicos suficientes para todos os nenos	844	33,9	32,2	35,5
Os centros privados son demasiado caros	326	13,1	13,8	12,4
Só conseguen praza as familias con rendas demasiado baixas	103	4,1	3,6	4,7
Outras	19	,8	,5	1,0
N.S.	249	10,0	11,4	8,7
N.C.	14	,6	,2	,9
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 44. O principal problema dos centros de primeira infancia.

P.23a. Cal é o segundo problema das escolas infantís ou garderías para menores de 3 anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Non hai suficientes profesionais cualificados	182	7,3	8,0	6,6
Hai centros que non cumpren cos requisitos mínimos	252	10,1	10,8	9,5
Hai demasiados nenos por aula	238	9,6	9,7	9,4
Os centros non ofrecen flexibilidade horaria	154	6,2	5,8	6,6
Non hai centros públicos suficientes para todos os nenos	455	18,3	18,5	18,0
Os centros privados son demasiado caros	565	22,7	21,3	24,0
Só conseguen praza as familias con rendas demasiado baixas	230	9,2	7,5	10,9
Outras	26	1,0	1,1	1,0
N.S.	345	13,9	15,7	12,1
N.C.	43	1,7	1,6	1,9
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 45. O segundo problema en importancia dos centros de primeira infancia

Finalmente, o cuestionario remata o bloque de preguntas referidas a primeira infancia preguntando aos entrevistados polas medidas prioritarias para os menores de 3 anos, ofrecendo catro alternativas.

P.24. Das medidas da Administración Pública cal lle parece prioritaria para proporcionar atención educativa os nenos/as menores de 3 anos?

	Frecuencia	Porcentaxe	Homes	Mulleres
Axudas económicas directas as familias	614	24,7	25,6	23,8
Subvencionar (ou concertar) máis escolas infantís ou garderías privadas	339	13,6	14,7	12,6
Promover convenios para poñer escolas infantís ou garderías nos centros de traballo	415	16,7	14,4	18,9
Crear máis escolas infantís ou garderías públicas	1014	40,7	41,3	40,2
N.S.	72	2,9	2,9	2,8
N.C.	36	1,4	1,1	1,7
Total	2490	100,0	100,0	100,0

Táboa 46. Medidas prioritarias das Administracións públicas

Sen dubida os cidadáns deste país opinan que a medida prioritaria é *crear máis escolas infantís ou garderías*, (40,7%), tamén pero en menor medida promovendo convenios para poñelas nos centros de traballo (16,7%) ou subvencionando as privadas (13,6%).